



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO IV CERTAME CREATIVO DE OVOS DE PASCUA

Expte. Admvo.: 2024/X999/000018

Expte. Decreto: 2024/G003/000204

ANTECEDENTES

Vista a proposta que formula a concellaría de comercio, hostalaría, turismo e cultura, para a celebración do IV CERTAME CREATIVO DE OVOS DE PASCUA este ano 2024, que literalmente se transcriben:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE COMERCIO, HOSTALARÍA, TURISMO E CULTURA

Asunto: BASES REGULADORAS DO IV CERTAME CREATIVO DE OVOS DE PASCUA

Expte. Admvo.: 2024/X999/000018

Coa intención de continuar fomentando a creatividade das máis pequenas e pequenos dos fogares e coa finalidade de promover a realización de actividades interxeracionais nas familias durante a época vacacional da “Semana Santa e da Pascua”, propoñemos celebrar esta cuarta edición do Certame creativo de ovos de Pascua, relacionándoo cun dos agasallos tradicionais desta época, como o son, os ovos de chocolate, os coñecidos como “ovos de Pascua”.

Pensamos en realizar unha actividade que poderá realizarse en familia nas horas de tempo libre das que disporán as e os menores de idade nos vindeiros días non lectivos ou vacacionais, facendo tamén esta actividade como co fin de servir como canle que permita converter estes tempos libres das familias en tempos de ocio compartindo, pensando tanto no colectivo da infancia en particular, como no das súas familias en xeral.

En base ó comentado a Concellería de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura, propón as seguintes

BASES REGULADORAS DO IV CERTAME CREATIVO DE OVOS DE PASCUA

1 PARTICIPANTES.

- **Poderá participar nesta iniciativas as nenas e nenos con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos de idade, sexan ou non residentes en Laxe.**
- **Cada nena/o, nomeadamente, só poderá presentar unha única proposta de “DEBUXO CREATIVO DE OVO DE PASCUA”.**

2 CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN.

*Tendo en conta as diferencias en canto ós coñecementos, capacidades e habilidades dos menores de idade, **crearanse 3 grupos ou categorías de participación:***

- **CATEGORÍA INFANTIL: dos 3 ós 5 anos de idade.**
- **CATEGORÍA PRIMARIA1: dos 6 ós 9 anos de idade.**
- **CATEGORÍA PRIMARIA2: dos 10 ós 12 anos de idade.**

3 FORMATO DO OVO CREATIVO.

- **A BASE DA PROPOSTA creativa realizarase sobre FOLIO OU CARTULINA A4, que poderá ser branca ou de cor, á libre elección de cada neno ou nena.**
 - *Este folio/cartulina será decorado ó gusto de cada persoa/familia participante: pintándoo, engadíndolle elementos plásticos... debendo aparecer en todo caso como elemento da composición, un “ovo de Pascua”.*

4 DOS PRAZOS e DA FORMAS DE PRESENTACIÓN.

- **PRAZO PARA A REMISIÓN DE SOLICITUDES: dende as 08.00 horas do MARTES 19 de marzo ata 11.00 horas do MARTES 2 de ABRIL.**
Todas as solicitudes recibidas fóra das horas e días sinalados como límites do prazo, serán excluídas do certame.



- **Para participar no certame, cada nai, pai e/ou titor/a, en representación de cada nena/o que desexe participar, deberase achegar de maneira presencial no Rexistro Xeral da Casa do Concello, ou ben a través da sede electrónica municipal con acreditación dixital, un IMPRESO DE SOLICITUDE XERAL xunto cunha FOTOGRAFÍA DA PROPOSTA DE “DEBUXO CREATIVO DE OVO DE PASCUA”.**
 - No apartado de SOLICITUDE da instancia, é **IMPRESCINDIBLE INDICAR A DATA DE NACEMENTO E IDADE da nena ou neno que participa.**
 - **A fotografía deberá ter unha resolución e calidade óptima e, en todo caso, suficiente para a súa identificación e apreciación dos detalles da decoración.**
 - Con carácter obrigatorio e de cara a garantir a calidade das imaxes presentadas ó certame das diferentes composicións, deberán de remitirse ata un máximo de dúas imaxes por cada proposta ó seguinte enderezo: cultura@concellodelaxe.com. No mesmo correo electrónico, indicárase o nome e apelidos da nena ou neno que participa e a súa idade.
- Haberá **2 MODALIDADES PARA A PRESENTACIÓN das fotografías e envío da instancia de solicitude xeral:**
 - **TELEMÁTICA: a través da SEDE ELECTRÓNICA MUNICIPAL, accesible dende a web: www.concellodelaxe.com, sempre que se conte con algún sistema de identificación dixital aceptado pola sede.**
 - **PRESENCIAL: nas OFICINAS DO REXISTRO XERAL MUNICIPAL, no 1º andar da Casa do Concello.**
- **PRAZO HABILITADO PARA AS VOTACIÓNS.** O prazo de votacións arrincará o día 2 de abril do 2024 no momento en que as diferentes propostas recibidas para cada unha das 3 categorías de participación se compartan a través das canles de difusión habituais do Concello de Laxe e, **darase por concluído ás 11.00 horas do VENRES 5 DE ABRIL.**
 - Para que a votación sexa o máis obxectiva posible, **a cada ovo asignaráselle un número ou letra en función da orde da súa recepción nas oficinas do Concello.** Así mesmo, sinalárase tamén en cada composición susceptible de votación a categoría do certame á que pertence.
- **ENTREGA DO AGASALLO ÁS PERSOAS GAÑADORAS.** Realizarase a partir do 5 de abril, canto antes sexa posible compatibilizar a dispoñibilidade temporal da concellaría e das persoas premiadas.

5 DO XURADO E DO PROCEDEMENTO PARA A VOTACIÓN e RESOLUCIÓN DO CERTAME

- O xurado estará **formado por todas aquelas persoas que emitan os seus votos por unha das seguintes DÚAS CANLES:**
 1. **PÁXINA DO FACEBOOK do Concello de Laxe.** Para emitir os votos deberase outorgar un “me gusta” ou “me encanta” na fotografía elixida.
 2. **POR MENSAXE WHATSAPP enviado ó teléfono de NovasLaxe: 657 771 006.** Neste caso, para emitir os votos deberase enviar un mensaxe whatsapp co seguinte texto: **“VOTO O DEBUXO CREATIVO NÚMERO “x” DA CATEGORÍA INFANTIL / PRIMARIA1 / PRIMARIA 2”.**

A través desta canle só será admitido un voto en cada unha das categorías: infantil, Primaria1 e Primaria2.
- **Ás 11.00 horas do VENRES 5 DE ABRIL:**
 - ✓ **O persoal traballador municipal do Departamento de Cultura, encargárase de recompilar e sumar todos os votos emitidos por calquera das 2 canles xa comentadas. O cómputo final dos votos farase do seguinte xeito: SUMATORIO DOS “ME GUSTA” ou “ME ENCANTA” outorgados a través da páxina de Facebook do Concello de Laxe e dos votos individuais recibidos a través de MENSAXERÍA WHATSAPP de NOVASLAXE no teléfono 657 771 006.**

En base a este reconto, emitirá **INFORME de persoas presentadas ó Certame e de votos recibidos.**
 - ✓ **En base a este informe, a alcaldía, por Resolución, dará por concluído e dará a coñecer os resultados do devandito Certame. Dita Resolución, permanecerá exposta no taboleiro de anuncios da Casa do Concello para o seu xeral coñecemento.**



- ✓ **O resultado do Certame, será comunicado telefonicamente ás persoas gañadoras do mesmo, e difundido o seu resultado a través das redes sociais municipais e canles de comunicación habituais do Concello de Laxe.**

6 DO AGASALLO ÁS PERSOAS GAÑADORAS.

- *Consistirá na ENTREGA DUN DIPLOMA E DUN GRAN OVO DE PASCUA DE CHOCOLATE ás nenas e nenos autores dos “DEBUXOS CREATIVOS DE OVOS DE PASCUA” que reciban máis votos en cada unha das categorías: infantil (3-5 anos), primaria1 (6-9 anos) e primaria2 (10-12 anos).*

7 DEREITOS DE AUTOR.

- *O Concello, resérvase o dereito de exposición, reprodución e publicación das imaxes remitidas ó certame sen que medie ánimo de lucro e sen que, en ningún caso, poidan ser obxecto de compravenda.*
- *En ningún caso, serán esixibles dereitos de autor por parte do autor/a.*
- *Cada persoa participante consinte que o Concello de Laxe faga públicos o nome, apelidos, idade e concello de residencia de todas as persoas participantes a través da súa páxina de Facebook e redes sociais.*

8 PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais recollidos durante o certame, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este.

Tan só se farán públicos o nome e apelidos das persoas participantes, a súa idade e concello de residencia, así como tamén a fotografía ou fotografías que envíen ó certame, así como as realizadas durante a entrega dos premios. Estes datos faranse públicos a través da páxina web e redes sociais dependentes do Concello de Laxe.

De acordo coa LOPD, Ley orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais facilitados para a participación no concurso, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable O Concello de Laxe. Estes datos serán tratados de xeito totalmente confidencial e serán usados exclusivamente para os fins expresados.

Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación dos seus datos persoais que figuran nos nosos rexistros, por favor, solicíteo escribindo un correo electrónico a correo@laxe.es ou enviando unha carta ó noso enderezo postal enriba indicado.

9 A PARTICIPACIÓN NESTE CERTAME SUPÓN A TOTAL ACEPTACIÓN DAS BASES por parte do/a neno ou nena participante, así como tamén dos/das seus/súas pais/nais e/ou titores, como presentadores da solicitude.

En Laxe, na data da sinatura dixital. A concelleira de comercio, hostalaría, turismo e cultura, Raquel Lema Allo.”

Na súa virtude, esta alcaldía,

RESOLVE:

Primeiro e único: Aprobar a proposta da concellería de comercio, hostalaría, turismo e cultura para a celebración do “IV CERTAME CREATIVO DE OVOS DE PASCUA”.

Mándao e asínao, en Laxe, na data da dixital, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns, do que eu secretaria municipal, dou fe.

O alcalde,
José Luis Pérez Añón

A secretaria-interventora,
Begoña Carrasco García